

MODELO SOGAMA

DATOS XESTIÓN RESIDUOS URBANOS 2020

O modelo Sogama susténtase na aplicación prioritaria do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da parte non reciclable.

A súa xestión céntrase en dúas fraccións de refugallos: bolsa negra, é dicir, o residuo convencional depositado pola cidadanía nos contedores verdes, do que recupera a parte susceptible de ser reciclada (vidro, papel/cartón, diferentes tipos de plásticos, briks, etc), e somete a valorización enerxética o resto; e bolsa amarela, isto é, os envases de plástico, latas e briks recollidos a través dos contedores amarelos, que clasifica por tipoloxías para o seu posterior envío aos centros recicladores.

Deste este mesmo ano, a empresa tamén trata, na planta de compostaxe de Areosa (Cerdeira), a materia orgánica doméstica recollida de forma selectiva a través do contedor marrón.

Os datos correspondentes ao ano 2020 son os seguintes:

| | |
|--------------------------------------|-----------|
| - Reciclaxe: | 162.210 t |
| - Valorización enerxética: | 525.160 t |
| - Vertedoiro (rexeitamentos do CMC): | 228.143 t |
| - Vertedoiro (residuos directos): | 5.463 t |
| - Compostaxe | 1.741 t |

